

ACTA Nº 6/2010

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

En Paradelá, a vinte e catro de novembro de 2010.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial, sendo as doce horas e cinco minutos, re3nese en primeira convocatoria a Corporaci3n Municipal en Sesi3n Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. Jos3 Manuel Mato D3az e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES L3PEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. MANUEL L3PEZ P3REZ
- D. ELISEO L3PEZ RODR3GUEZ
- D^a M^a TERESA VEIGA RODR3GUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO P3REZ L3PEZ
- D. MANUEL REGUEIRO L3PEZ
- D. JES3S L3PEZ TABOADA

Non asisten á Sesi3n o Sr. Concelleiro: D. ROBERTO D3AZ LUACES, que xustificou a s3a ausencia na Sesi3n Plenaria.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporaci3n, Jos3 L3pez Gonz3lez, que da fe do acto.

A continuaci3n proc3dese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do d3a.

1º. APROBACI3N, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESI3N ORDINARIA DE DATA 22 DE SETEMBRO DE 2010.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesi3n, proc3dese a preguntar aos dem3is membros da Corporaci3n se teñen algo que obxectar á acta, da sesi3n ordinaria celebrada polo Pleno o d3a 22 de setembro de 2010, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais.

FOLLA Nº 2

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 22 de setembro de 2010.

O resultado foi de aprobación pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación, co voto favorable dos seis membros do Grupo do Partido Popular e os tres do Grupo Municipal Socialista que asisten á sesión, e a abstención do membro do Grupo do BNG xa que non asistiu ao Pleno celebrado en data 22 de setembro de 2010.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucions de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

3º. CESIÓN, SE PROCEDE, DOS TERREOS A FAVOR DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL E DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES.

O Sr. Alcalde, inicia este punto dando lectura á Proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“RESULTANDO que o Concello é propietario do seguinte ben patrimonial (100% do Pleno dominio con carácter propio):

Parcela con referencia catastral 7359027PH1375N0001JP; Resto Id Catastral 7359027PH1375N000HO; cunha superficie de 3.829,89 m²; inscrita no Rexistro da Propiedade, nº de finca 4225, IDUFIR: 27009000324755; folio 187 do tomo 480, libro 36, inscrición/anotación 1; finca urabana sita en Rúa Cabaleiros de Santiago, Paradela que linda ao Norte, estrada de Aldosende; Sur, Celia González López e rúa asfaltada; Este, Celia González López e Aurora Arias López e ao Oeste, rúa asfaltada e Celia González López.

RESULTANDO que coa Comunidade Autónoma, en concreto coa Consellería de Traballo e Benestar chegouse ao acordo de cesión gratuita deste ben por parte do Concello, para levar a cabo a construción dun Centro Residencial e de Día para persoas maiores, en Pacios – Paradela, por parte do órgano autonómico.

RESULTANDO que se xustificou o fin na competencia recollida no artigo 25.2 k da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, relativa á prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social e que polo tanto redunda en beneficio dos habitantes do termo municipal.

CONSIDERANDO o establecido no artigo 109.2 e 110 do RD 1372/1986 de 13 de xuño polo que se regula o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

Visto o informe de Secretaría de data 22 de outubro de 2010.

Esta alcaldía propón ao Pleno da corporación, a adopción do seguinte acordo:

FOLLA N° 3

PRIMEIRO.- Ceder gratiutamente á Comunidade Autónoma de Galicia - Consellería de Traballo e Benestar para levar a cabo a construción dun Centro Residencial e de Día para persoas maiores, en Pacios – Paradela, o seguinte ben patrimonial:

Parcela con referencia catastral 7359027PH1375N0001JP; Resto Id Catastral 7359027PH1375N000HO; cunha superficie de 3.829,89 m²; inscrita no Rexistro da Propiedade, n° de finca 4225, IDUFIR: 27009000324755; folio 187 do tomo 480, libro 36, inscrición/anotación 1; finca urabana sita en Rúa Cabaleiros de Santiago, Paradela que linda ao Norte, estrada de Aldosende; Sur, Celia González López e rúa asfaltada; Este, Celia González López e Aurora Arias López e ao Oeste, rúa asfaltada e Celia González López.

SEGUNDO.- Retornar ao patrimonio deste Concello o terreo cedido gratiutamente se non é destinado ao uso previsto no termo máximo de cinco anos e deixa de selo, en todo caso posteriormente, no transcurso de 30 anos.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o expediente por un prazo de 15 días no taboleiro de edictos do concello e no BOP.

CUARTO.- Se non se presentan reclamacións, entenderase acordada a cesión gratuita definitivamente e elo sen perxuízo do que se indica no apartado seguinte deste acordo.

QUINTO.- Autorizar ao Alcalde-Presidente para que proceda á formalización do contrato de cesión e a súa elevación a escritura pública.

SEXTO.- Remitir o expediente completo á Comunidade Autónoma, a efectos de dar cumprimento ao establecido na lexislación vixente, sobre dación de conta das enaxenacións de bens inmoebles patrimoniais, condicionando a eficacia do acordo a que dita dación de conta se produza por parte da Comunidade Autónoma.

A Continuación, o Sr. Alcalde inicia a exposición dicindo que o expediente foi tramitado e contén o establecido na lexislación vixente, e houbo un pequeno retraso debido ao Rexistro da Propiedade, e mañá do acordo que se adopte será levado á Consellería e poder iniciarse a contratación, previa redacción do proxecto.

O Sr. Jesús López Taboada, portavoz do BNG, pregunta sobre a previsión de prazos que se manexan.

O Sr. Alcalde resposta que inminente a redacción do proxecto e logo o concurso de adxudicación, polo que estima entre catro e cinco meses para iniciar as obras.

A Portavoz do Grupo Municipal Socialista D^a. Sonsoles López di que nos orzamentos da Xunta non hai nas partidas referencia a este proxecto.

O Sr. Alcalde resposta que os orzamentos son un documento xenérico que logo se vai desenrolando coas modificacións que sexan precisas e incluso pode que sexa o SPI, (Sociedade de Inversión da Xunta) quen o leve a cabo, pondo de manifesto que a Xunta está a axudar a xente dependente ao máximo.

A Portavoz do Grupo Municipal Socialista D^a. Sonsoles López, comenta o tema da iniciativa privada para realizar un novo Centro Xeriátrico, dicindo que se de hai moitos anos se leva loitando para ter isto e agora de súpeto vanse a ter dous centros.

FOLLA N° 4

O Sr. Alcalde resposta dicindo que non hai tanto anos que se leva buscando isto, ademáis os catro anos de goberno bipartito non se podía nin plantexar, pese a que abanderaban o rural; as Residencias so ían as grandes capitais de Comarca.

Di ademáis que a iniciativa privada é moi positiva xa que xerará moitos postos de traballo, e o grupo de goberno apoiará a proposta todo o que sexa posible. Debe de terse en conta que a Xunta e coñecedora desta iniciativa.

A Portavoz do Grupo Municipal Socialista D^a. Sonsoles López di que sería mellor que a parte pública se adicase non a un Centro de Día e Residencia senón a unha guardería, para contar cun novo servizo que Paradela non ten, en vez de converter Paradela nun gran centro xeriátrico.

O Sr. Alcalde, resposta que o Concello non ten pequenos para ter un PAI xa que non se poderían substentar os postos de traballo para seis nenos.

O Sr. Alcalde manifseta a demanda tremenda que hai de persoas dependentes en toda Galicia, polo que considera este proxecto de vital relevancia para Paradela, ademais de todos os postos de traballo e xente que pode traer ao Concello; así a máis riqueza máis traballo.

A continuación procedeuse a votación, resultando aprobado o acordo pola unanimidade dos dez Concellerios que asisten ao Pleno, sendo once o seu número legal.

4º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N° 19/2010, PRIMEIRO BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

En relación co cuarto punto da orde do día, o Presidente deu conta aos asitentes da tramitación de expediente de modificación de crédito n° 19/2010, primeiro baixo a modalidade de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto, para dar cumprimento o establecido no art. 20.7 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, unha vez entrado en vigor o orzamento xeral para o exercicio 2010, aclarando o importe e finalidade do mesmo así como os trámites levados a cabo e o seu contido.

O Sr. Alcalde procede a lectura da proposición, co seguinte contido:

“Vista a publicación do Real Decreto-lei 8/2010 de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, e máis concretamente no capítulo VI – Medidas en materia económico financiera das entidades locais, artigo 14.1 no que se establece o seguinte:

“Se declaran recursos afectados los derivados de la aplicación de las medidas de reducción de costes de personal en los ejercicios 2010 y 2011, que se destinarán, con el orden de preferencia en el que están relacionados, a las siguientes finalidades:

a) A sanear el remanente de tesorería derivado de la última liquidación, cuando éste fuera negativo.

b) A disminuir el nivel de endeudamiento a largo plazo.

c) A la financiación de inversiones.

d) Cuando no resulten de aplicación los apartados a) o b), los recursos no aplicados en el propio ejercicio a la financiación de inversiones, se destinarán en sucesivos ejercicios a las finalidades establecidas en los apartados a), b) y c), con el mismo orden de prelación, hasta su aplicación total”.

Visto que o Concello liquidou o exercicio 2009 con Remanente de tesouraría positivo e ante a perspectiva de seguir así, resulta necesario destinar o menor gasto derivado da baixada de retribucións ao persoal, a disminuir o nivel de endebedamento, polo que resulta necesario a aprobación dunha modificación de crédito destinada a incrementar a consignación orzamentaria para a amortización de préstamos a longo prazo.

Vistas as reducións nas retribucións, ao abeiro do establecido no citado Real Decreto-lei 8/2010 de 20 de maio, realizadas dende o mes de xuño de 2010, do Alcalde-Presidente, os funcionarios e dous traballadores de carácter laboral (Asistente Social e Técnico Local de Emprego), persoal ao que lle é de aplicación o Real Decreto.

Destá forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, por importe de 6.472,05 euros, co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
0	91	Deuda pública. Pasivos financeiros. Amortización de préstamos e operacións en euros.	6.472,05 €

Baixa en partida de gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
2	13	Actuacións de protección e promoción social. Gastos de persoal.b Persoal laboral.	1.176,88 €
9	10	Actuacións de carácter xeral. Gastos de persoal. Órganos de Goberno e persoal directivo.	1.776,24 €
9	12	Actuacións de carácter xeral. Gastos de persoal. Persoal funcionario.	3.518,93 €

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 19/2010, primeira baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte resume por capítulos:

ESTADO DE GASTOS	
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	
A) GASTOS POR OPERACIÓN CORRENTES	
CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	408.840,91
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	392.977,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	3.000,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	29.000,00
B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Inversións Reais	216.000,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00
OPERACIÓN FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	37.682,09
TOTAL:	1.087.500,00

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

En Paradela, a 21 de outubro de 2010. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non habendo debate algún, procédese á votación, co resultado de aprobación por unanimidade dos dez Concelleiros que asiten a sesión plenaria, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación Municipal.

5º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL E PLANTILLA DE PERSOAL - EJERCICIO 2011.

O Sr. Alcalde presenta o Orzamento, dicindo que lamenta a non asistencia ao Pleno do Sr. Díaz Luaces, xa que esta vez non pode esgrimir o argumento de que o Orzamento se presenta fora de prazo.

Continua dicindo, que coma sempre, é un orzamento equilibrado, axustado á realidade, que cumpre coas funcións básicas e co prescrito no artigo 168.4 da Lei de Facendas Locais.

A continuación relata por capítulos os importes dos diferentes capítulo, tanto de gastos coma de ingresos, así como de toda documentación que contén o mesmo, como

son as Bases de Execución, o Anexo de persoal distinguindo o persoal funcionario do laboral, o anexo de inversións onde se reflicten as inversións previstas e os seus importes, o estado da débeda; así coma os distintos informes que son precisos incluír a hora de presentar o proxecto do Orzamento, segundo a lexislación vixente aplicable na materia.

Toma a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, D. Jesús López Taboada, pregunta se se contempla os gastos da posta en marcha da estación depuradora e traída de augas do Río Loio.

O Sr. Alcalde resposta que non especificamente, porque as liñas aínda non están desenroladas ao 100%, e esperamos facelo ben con recursos propios ou con axudas para facelo.

Di tamén que tampouco se recolle os ingresos que se prevén ingresar pola licencia de obras do parque eólico, nin as reducións do aforro enerxético; xa que presentamos un orzamento sen adornos, e o orzamento vaise modificando segundo os acordos se van facendo efectivos, así para mostra o grado de execución do orzamento 2010 que a día dezoito de novembro duplica o orzamento inicial chegando a un grado de execución do 87 % nestes intres.

A continuación procede a expor a proposta do grupo municipal popular, que é a seguinte: “Confeccionado o orzamento xeral municipal para o exercizo 2011 xunto coas respectivas Bases de Execución e demais Anexos ou Estados que deban acompañalo, de conformidade co establecido nos artigos 166 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Alcaldía eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación o proxecto de orzamento xeral municipal para o exercizo 2011 co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	407.556,90
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	382.000,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	8.505,17
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	30.000,00
B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Inversións Reais	216.143,10
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	25.794,83
TOTAL:	1.070.000,00

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Impostos Directos	285.327,41
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	50.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	111.473,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	568.000,00
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais	2.500,00
B) INGRESOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	4.500,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	48.199,59
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	00,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	00,00
TOTAL:	1.070.000,00

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o exercicio 2011, as Bases de Execución e a plantilla de persoal aprobados, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estos acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, a sí coma ao órgano competente da Comunidade Autónoma.”

A continuación procédese á votación, resultando aprobado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, cos 6 votos a favor do Grupo Municipal Popular e 4 abstencións (tres do Grupo municipal socialista e un do Concelleiro do BNG).

6º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SUBMINISTRO DE AUGA.

O Sr. Alcalde, procede a lectura da seguinte proposta:

“Vista a cesión da recaudación dos impostos municipais así como da Taxa de lixo e auga a favor da Deputación Provincial de Lugo, e que na actualidade estase en período cobratorio do segundo e terceiro trimestre do exercicio 2009 das referidas taxas, ante a imposibilidade de que se xire máis de un trimestre en cada período cobratorio que realiza a Deputación; resulta imposible o cobro dos catro trimestre nun exercicio orzamentario.

Asemade, o propio órgano provincial de recaudación, recomendou ao Concello a modificación das Taxas no referente ao seu devengo para que pasaran a ter carácter anual ou alo menos semestral.

Ao abeiro do exposto con anterioridade, e na búsqueda da maior operatividade, así como tamén que se cause o menor prexuízo para os contribuintes, o máis razoable é a modificación das referidas ordenanzas en canto ao seu devengo pasando de ter carácter trimestral a semestral.

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO, da seguinte forma:

ARTIGO 6.-DEVENGO

1. Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou establecementos utilizados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cuotas devengarase o primeiro día de cada SEMESTRE natural, salvo que o devengo da TAXA se producira con posterioridade a dita data, neste caso a primeira cuota devengarase o primeiro día do SEMESTRE seguinte.

Disposición Final:

A presente modificación aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 24 de novembro de 2010, entrará en vigor unha vez publicada a mesma no BOP, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA, da seguinte forma:

Art. 6º.- DEVENGO

A obriga de pago da taxa regulada nesta Ordenanza, nace desde que se inicie a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizarase con periodicidade SEMESTRAL.

1. O pago de dita taxa efectuarase no momento de presentación da correspondente factura ó obrigado a realízalas.

2. As deudas por esta taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio, de acordo co regulamento xeral de

Disposición Final:

A presente modificación aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 24 de novembro de 2010, entrará en vigor unha vez publicada a mesma no BOP, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 17 do R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, expoñer ao publico no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Concello o presente acordo durante trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

CUARTO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra a mesma, considerárase definitivamente aprobada, debendo publicarse o texto íntegro da modificación da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

A continuación procedeuse a votación, resultando aprobado o acordo pola unanimidade dos dez Concellerios que asisten ao Pleno, sendo once o seu número legal.

Antes de pasar o punto de rogos e preguntas, presentouse unha Moción por parte do grupo municipal do BNG por vía de urxencia, referente a publicación no día de onte no BOE do Real Decreto 1565/2010, de 19 de novembro, polo que seregula e modifican determinados aspectos relativos á actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

Procédese á votación da urxencia, que resulta aprobada pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten ao Pleno.

O Sr. López Taboada, voceiro do grupo municipal do BNG, inicia a exposición dicindo que este Real Decreto está composto por un serie de remendos, que o que fai é básicamente modificar o Real Decreto 661/2007, significando que isto afecta tanto aos particulares coma ao propio concello, polas rebaixas das tarifas nun 5% sobre as instalacións sobre edificación de ata 20 kW, o 25 % nas de máis de 20 kW e un 45% nas instalación sobre o chan.

Ademáis, establece que para as instalacións, ata este Real Decreto establecíase unha prima nos primeiros 25 anos e outra prima a partir do ano vixésimo sexto; isto último é eliminado polo novo Real Decreto 1565/2010; o que resulta moi lesivo, xa que os que invertiron neste tipo de enerxía e instalacións non van a ter os resultados económicos que prevían, cando foi o propio Estado o que promovía este tipo de iniciativas, que por exemplo foi recollida polo Concello de Paradela que co Plan E do ano 2010 fixo dúas instalacións deste tipo; e máis no mundo rural onde era unha vía para obter riqueza dun sector primario.

Por iso, cremos na necesidade que as instalacións que están en funcionamento débenselle manter os prezos das primas pola produción de enerxía, e non eliminarllas a partir dos primeiros 25 anos, porque o que pretenden é facer algo similar ao que sucedeu coa tarifa nocturna, no seu momento.

Por iso a Moción que presentamos ten por obxecto dirixirse ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Deputación

Provincial, para que dende alí se apoie a nosa proposta que ten por obxecto que o Goberno reconsidere a situación e non se lle aplique este Real Decreto con carácter retroactivo as instalacións en funcionamento e se lle respecten os prezos das primas, e non se vaia contra dereitos adquiridos

O Sr. Alcalde da o seu agradecemento ao Sr. López Taboada.

A continuación, procédese a votar a Moción, que resulta aprobada pola unanimidade dos dez Concellerios que asisten ao Pleno, sendo once o seu número legal.

7º-. ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra, a portavoz do Grupo Municipal Socialista, D^a Sonsoles López, preguntando sobre dúas facturas aprobadas pola Xunta de Goberno Local, reflectadas nas actas que lle foron entregadas aos Concelleiros.

Unha de Jesús y Páramo, S.L. referente a desbroces, preguntando se o noso tractor desbrozadora xa non serve.

O Sr. Alcalde respóstalle que o operario que manexa a máquina faino só a media xornada pola tarde, e dada a cantidade de vías así coma os prazos establecidos pola Deputación para facer os desbroces, foi precisa a colaboración externa desta empresa que a o estar a traballar pola zona, realizou os mesmos, xa que se ben se podería contatar a alguen a xornada completa, o funcionario que está a manexar a máquina puxo como única condición que o manexo da mesma só o faría el.

Pregunta sobre unha factura por importe de 3.750 euros sobre material de promoción do cooperativismo.

O Sr. Alcalde, resposta que se trata duns dípticos, trípticos e libriños que se realizaron co motivo da subvención concedida pola Xunta e que están nas distintas dependencias municipais a disposición dos cidadáns.

Realiza, asemade, D^a Sonsoles López, portavoz do Grupo Municipal Socialista, dous rogos.

O primeiro para que se cambie a pechadura do polideportivo, xa que se tarda quince minutos en abrila; e o segundo, para que se revise e se poña máis luz na sala da Cámara Agraria onde se están a desenrolar as clases de pintura.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do vinte e catro de novembro de dous mil dez, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor